

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

IRIXOA

Subvencións municipais 2020

CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS 2020

O Concello de Irixoa, mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2020, aprobou as bases correspondentes á convocatoria pública de subvencións municipais a familias e entidades sen fin de lucro 2020.

As citadas bases expóñense ao público na secretaría xeral do concello durante o prazo de quince días hábiles, co fin de que se poidan presentar as alegacións ou suxestións que se estimen pertinentes. De non formularse, o acordo de aprobación entenderase elevado automaticamente a definitivo.

A presentación das solicitudes de subvención poderase efectuar dentro do prazo do 11 de febreiro ao 10 de marzo de 2020, ambos inclusive; non obstante, no suposto de presentarse alegacións ou suxestións entenderase suspendido dito prazo ata a aprobación definitiva, ampliándose o prazo de presentación nos días que correspondan para completar o mes.

BASES CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO 2020

1. Disposicións e principios xerais:

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais do ano 2020, de acordo cos principios legais para prestar os servizos e realizar as actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal, ou que contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio. Os beneficiarios quedan sometidos ao réxime administrativo aplicable (incluído réxime sancionador), en especial ao disposto no art. 82 da Lei Xeral Orzamentaria.

Os principios aos que se suxeita o procedemento de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

2. Obxecto da subvención:

A agrupación de partidas 3.48 e 4.48 de Outras transferencias correntes a familias e institucións sen fin de lucro no orzamento do 2020 ten unha cantidade asignada de 23.000 €. Desta cantidade 12.000 € xa están asignados de xeito nomeado a diversas entidades polas bases específicas do orzamento, polo que restan para a presente convocatoria pública a cantidade de 11.000 €. Esta cantidade podería ser susceptible de posible ampliación, que deberá entrar en vigor antes do acordo de adjudicación das subvencións; tamén se poderá reducir xustificadamente pola Xunta de Goberno Local, en previsión de reserva de crédito para transferencias futuras e imprevistas. O desglose da partida que figura no orzamento non é vinculante á hora da resolución da concesión das convocatorias, que atenderá coa asignación global á mellor satisfacción do interese público.

Serán obxecto de subvención especialmente os seguintes ámbitos de actuación: cultura, educación, formación agropecuaria, mantemento de edificios e deporte; poderán incluírse facturas de subministrados, pequenas obras e adquisicións, gastos de funcionamento xeral, etc. en relación aos citados ámbitos. En ningún caso se subvencionarán excursións de ocio e festas gastronómicas ou comidas.

3. Destinatarios.

Poderán optar a estas subvencións as familias e as entidades ou asociacións xuridicamente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades veciñais do concello, e os comités organizadores, debendo cumprir os seguintes requisitos:

1. Carecer de fins de lucro.
2. Desenvolver a súa actividade dentro do termo municipal de Irixoa, ou con beneficio evidente para o seu vecindario.

3. Non ter pendente de xustificar as subvencións municipais concedidas nos exercicios anteriores (agás ter solicitado unha prórroga debidamente xustificada e aprobada ou ter desistido de forma motivada e por escrito).

4. Documentación.

As solicitudes de subvención presentaranse no rexistro de entrada do Concello, no modelo normalizado establecido ao efecto, e no que constará:

- A)- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar.
- B)- Orzamento de gastos e forma de financiamento previsto.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a realizar polo beneficiario.

Con carácter xeral, o importe a subvencionar oscilará entre un mínimo do 50% e un máximo do 100 % do custo total da actividade, sen prexuízo de que o Concello poida variar xustificadamente dita porcentaxe.

C)- Os comités organizadores ou veciñais presentarán, ademais da acta fundacional coa relación dos seus compoñentes e a estrutura de funcionamento, unha fotocopia do CIF solicitado para o efecto.

d)- Certificación da conta bancaria aberta pola solicitante.

e)- No caso de que a información obrante no rexistro municipal de asociacións non estea actualizada incorporárase comunicación da mesma.

f)- No caso de entidades formalizadas, certificado do acordo de solicitude adoptado polo órgano competente.

g)- declaración responsable de que o solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social.

h)- autorización para obter directamente certificacións ou informes sobre os aspectos do apartado anterior dos organismos competentes.

Se as solicitudes non reunisen os requisitos mínimos esixidos, farase un requirimento ao interesado para a súa subsanación, para o que terá un prazo de 10 días hábiles; o incumprimento da subsanación producirá a caducidade da solicitude. O concello tamén poderá solicitar aclaración sobre calquera aspecto escuro ou con insuficiente definición das solicitudes presentadas.

5. Prazo de solicitude.

O prazo para presentar as solicitudes é de 1 mes natural, computado desde o 11 de febreiro ao 10 de marzo de 2020, ambos inclusive, sen prexuízo da data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6. Proposta das subvencións.

Por resolución da Alcaldía procederase á proposta das axudas e subvencións sobre as solicitudes admitidas, logo dos informes que se consideren precisos, e segundo os criterios que a continuación se sinalan:

1. Considerar a súa representatividade social e territorial no municipio, valorable ata 10 puntos.
 2. Ter en conta o grao de interese xeral ou sectorial, utilidade ou servizo do investimento, ou actividade que se propoña realizar, así como a coordinación e complementariedade cos programas municipais, valorable ata 10 puntos.
 3. Número de veciños de Irixoa previsiblemente beneficiados, valorable ata 10 puntos.
 4. Valorar positivamente a súa capacidade económica autónoma e considerar as axudas que reciban doutras entidades públicas, valorable ata 5 puntos.
 5. Estimar o carácter periódico ou permanente das actividades subvencionadas, agás que se trate de actos concretos e de carácter puntual que inciten á participación social, cultural ou deportiva. Este aspecto poderase valorarse ata 5 puntos.
- A proposta da Alcaldía poderase alegada polos solicitantes, dentro do prazo de 15 días naturais a partir do seguinte da fecha da súa adopción; esta proposta será comunicada vía correo electrónico.

7. Concesión das subvencións.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Alcaldía, así como posibles alegacións, e resolverá xustificadamente, realizando o oportuno reparto da cantidade dispoñible, como máximo. A proposta de subvencións, así como as posibles alegacións dos interesados, virán acompañados dun informe escrito de fiscalización previa do secretario-interventor-tesoureiro. Tan só haberá unha resolución conxunta para todo o ano 2020, sen prexuízo da resolución de posibles recursos e das subvencións por imprevistos.

No suposto previsto na base 4.b, relativo á obtención de maiores axudas que o custo, daría lugar a unha modificación posterior da resolución de concesión, rebaixando ata o necesario a subvención. Os posibles remanentes e fondos de reserva que se orixinen por reservas, renuncias, inxustificacións, etc. poderán ser utilizados posteriormente para acrecentar ou novar subvencións, tendo en conta as solicitudes existentes, previa proposta da Alcaldía.

O prazo do concello para a notificación expresa da resolución das solicitudes será de 2 meses, contados a partir do último día do prazo de presentación. A falta desta notificación expresa entenderase que ten carácter desestimatorio por silencio administrativo. A resolución de concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 2 meses; calquera subvención por importe superior aos 2.000 euros será publicada no BOP. As publicacións deberán conter, como mínimo, o beneficiario, contía, coeficiente de financiamento e finalidade da mesma.

Por motivos xustificadas e razoables poderá solicitarse o cambio de obxecto da subvención, sempre que conte coa mesma valoración da actividade anterior; o importe máximo será o mesmo da resolución anterior, salvo que proceda a redución da contía por obter unha valoración inferior. Esta modificación non poderá solicitarse despois do 30-11-2020.

8. Obrigas do beneficiario.

As familias ou entidades subvencionadas terán que:

1. Realizar e acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, coa presentación da memoria e da documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación correspondente. A afectación do material perdurable adquirido á finalidade concreta da subvención, terá un prazo mínimo obrigatorio de 5 anos, así como deberá estar dispoñible para o control financeiro.

2. Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á intervención municipal, así como facilitar a información que o Consello de Contas lle requira.

3. Comunicar ao concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

4. Presentar unha declaración responsable sinalando que se está ao corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social; no caso de entidades ou organizacións, tal declaración xurada virá asinada polo presidente, secretario e tesoureiro.

5. Conservar a contabilidade precisa e os documentos xustificativos da aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de 4 anos.

6. Proceder ao reintegro do percibido en caso de incumprimento ou xustificación insuficiente.

7. Sinalar en todo tipo de publicidade que esta actividade conta co financiamento do Concello mediante a expresión: "Subvencionada: Concello de Irixoa".

8. Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.

9. Xustificación e aboamento.

A xustificación farase coa presentación, no rexistro de entrada do Concello, do formulario correspondente debidamente cuberto, completado coa documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación das actividades realizadas coa finalidade para que foi concedida. Este formulario facilítase polo concello, aínda que non é imprescindible o seu uso; non obstante sempre conterá as declaracións responsables de subvencións recibidas e de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de seguridade social.

A xustificación dos gastos farase cos seguintes documentos xustificativos:

-as subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza, que xeren gastos de persoal xustificaranse mediante facturas ou nóminas e seguros sociais.

-os gastos de material non inventariable, e tamén o inventariable móbil, coas correspondentes facturas.

Nestes documentos figurará, coa rúbrica xustificativa de pago correspondente, a expresión "recibido" ou "pagado". Será admisible, en ambos os dous casos, as súas fotocopias debidamente compulsadas.

Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos feitos desde o día 1 de xaneiro ata o día 31 de decembro de 2020, ambos os dous incluídos.

En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Irixoa por calquera concepto, agás as de mantemento de edificios dos que teñan cedido o uso.

O prazo de xustificación comeza a contar desde o día seguinte á comunicación da concesión da subvención. En termos xerais rematará o 30-11-2020, podendo prorrogarse ata o 28-12-2020 se fose imprescindible, previo pedimento xustificado do solicitante.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases ou na prórroga autorizada, ou de non ter desistido previamente de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, farase un requirimento outorgando un prazo improrrogable de 15 días. Se non se presenta a documentación xustificativa nese prazo, ou se a mesma é notoriamente insuficiente, entenderase tacitamente que desiste da súa petición.

Estes prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Vista a documentación xustificativa presentada, a Alcaldía valorará si se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención; neste caso resolverá que se efectúe o aboamento. Esta valoración, así como o abono efectivo correspondente, realizarase no prazo máximo de 1 mes.

No suposto de non presentar a totalidade dos xustificantes de pago requiridos, o aboamento realizarase de forma proporcional ao total xustificado.

Previo ao pago da cantidade concedida comprobarase de oficio que as entidades beneficiarias non teñen débedas pendentes con este Concello. Neste suposto procederase ao seu cobro por compensación mediante a dedución da obriga de pago no importe subvencionado.

Excepcionalmente, e unha vez comunicada a concesión das subvencións, as entidades que sexan beneficiarias dunha subvención, por importe superior aos 600 euros, poderán presentar unha solicitude razoada de anticipo do 40% do importe concedido, sempre que se xustifique o inicio da actividade ou a contratación do investimento. Previa xustificación parcial deste anticipo poderá acordarse outro anticipo polo 40 % do importe total. Estes anticipos serán obxecto de compensación na xustificación e liquidación final da subvención.

Todos os pagos relativos a subvencións realizaranse por transferencia á conta bancaria designada.

10. Reintegros.

Procederase ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas cando se constate, previa audiencia do interesado, calquera das seguintes situacións:

- incumprimento da finalidade obxecto da subvención.
- obtención da subvención falseando ou ocultando as condicións necesarias para elo.
- falta de xustificación ou realizar a mesma de xeito deficiente ou insuficiente.

Tales cantidades obxecto de reintegro terán o carácter de ingreso de dereito público, sendo independentes das posibles sancións económicas por infraccións administrativas.

11. Normativa aplicable.

Para o non previsto nestas bases aplicaranse as normas xerais seguintes que regulan as subvencións e axudas a particulares:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, do Regulamento Xeral de Subvencións.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- demais lexislación complementaria, especialmente a Lei de Funcionamento do Tribunal de Contas e a Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro).
- bases xerais e específicas para a execución do orzamento do Concello de Irixoa, correspondentes ao exercicio 2020.

Irixoa, 4 de febreiro de 2020

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín